



Teaching Guide				
Identifying Data				2017/18
Subject (*)	Sound and Music	Code	616G01028	
Study programme	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatoria	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinador	Piñeiro Otero, María Teresa	E-mail	teresa.pineiro@udc.es	
Lecturers	Piñeiro Otero, María Teresa	E-mail	teresa.pineiro@udc.es	
Web				
General description	<p>Ambientación Sonora y Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia.</p> <p>Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.</p>			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A2	Crear produtos audiovisuais.
A3	Xestionar proxectos audiovisuais.
A4	Investigar e analizala comunicación audiovisual.
A7	Coñecelas técnicas de creación e produción audiovisual.
A8	Coñecela tecnoloxía audiovisual.
A9	Coñecelos modelos de xestión.
A10	Coñecelo marco legal e deontolóxico.
A11	Coñecelas metodoloxías de investigación e análise.
A12	Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe precisas para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma
B7	
B8	Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Comunicar mensaxes audiovisuais	A1 A2 A3 A7 A8 A12	B2	C3 C4
Crear produtos sonoros	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A9 A10 A12	B8	C1
Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual	A1 A4 A11	B6 B7	
Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual	A12		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.	A11	B3 B4 B5 B8 B9	C2
Traballar de forma colaborativa.		B2 B4 B9	C2
Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora	A7 A11 A12	B8	C2
Mellorar a expresión oral.		B6 B7	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.	A2 A3 A8		C2

Contents	
Topic	Sub-topic



1. O son na narración audiovisual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. O son e a imaxe no relato audiovisual.</li> <li>b. Conceptos introductorios.</li> <li>c. Profesións sonoras.</li> <li>d. O deseño sonoro.</li> <li>e. As dimensións do son na narración audiovisual.</li> <li>f. O sistema de sons.</li> <li>g. Clasificación do son no audiovisual.</li> </ul>
2. A música.	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. O discurso musical.</li> <li>b. Principais compositores e tendencias compositivas.</li> <li>c. Tipoloxías de música no audiovisual.</li> <li>d. Funcións da música na narración audiovisual.</li> </ul>
3. A voz.	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. O código verbal; voz vs. linguaxe escrita.</li> <li>b. Tipoloxías de voces.</li> <li>c. Funcións da voz e a palabra no audiovisual.</li> </ul>
4. Os efectos sonoros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. A construción da paisaxe sonora.</li> <li>b. Tipoloxía de efectos sonoros.</li> <li>c. Funcións dos efectos sonoros.</li> </ul>
5. O silencio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. O silencio na narración audiovisual.</li> <li>b. Capacidades expresivas do silencio.</li> <li>c. Tipoloxías de silencio.</li> </ul>

**Planning**

Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Workshop	A1 A2 A8 A9 A10 A12 C2	14	28	42
Research (Research project)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	2	16	18
Supervised projects	A1 A2 A3 A7 A10 A12 B2 C1 C2 C3 C4	4	24	28
Oral presentation	A7 A12 B2 B4 B6 C2	2	4	6
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A4 A7 A9 A11 A12 B7 B9	24	24	48
Personalized attention		8	0	8

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

**Methodologies**

Methodologies	Description
Workshop	Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico (en grupo) cuxo obxecto é pór en xogo todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas. A entrega de ditas prácticas efectuarase no tempo e na forma fixados pola profesora.
Research (Research project)	Investigación realizada de forma individual cuxo tema, relacionado cos contidos da materia, será proposto pola profesora. Dita investigación entregarase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) en soporte CD. A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supón a anulación do traballo de investigación e -polo tanto- un cero.
Supervised projects	Creación dun relato (grupo) únicamente a partir de recursos sonoros (Traballo A) Deseño sonoro en grupo dun fragmento audiovisual (Traballo B ou Proxecto Final)



Oral presentation	Presentación do deseño sonoro dun fragmento audiovisual (Traballo B ou Proxecto Final). Na presentación explicarase o emprego do son -ou a ausencia deste- ademáis de responder a preguntas respecto ás decisións tomadas no plano estético. Complementariamente os estudantes desenvolverán una rúbrica de avaliación do seu proxecto así como do desenvolvido por outros grupos.
Guest lecture / keynote speech	Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/ou audiovisual. Nas sesións maxistras realizaranse actividades dirixidas a facilitar a comprensión da materia. Naqueles casos en que ditas actividades se establecesen como traballo autónomo fóra da aula, empregaranse as sesións maxistras para a posta en común destas tarefas e a súa corrección colaborativa.

**Personalized attention**

Methodologies	Description
Oral presentation Guest lecture / keynote speech Research (Research project) Workshop Supervised projects	O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e solventar as dúbidas oportunas.

**Assessment**

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Oral presentation	A7 A12 B2 B4 B6 C2	<p>Presentación oral do "Proxecto final". Nesta presentación cada grupo deberá explicar o seu deseño sonoro, especialmente no que respecta ás decisións estéticas, e responder ás preguntas dos/as compañeiros/as.</p> <p>Cada un dos proxectos finais será avaliado polos estudantes a partir dunha rúbrica de avaliación proposta pola profesora.</p> <p>Para a avaliación da presentación oral, que vai ter lugar o mércores 16 de MAIO de 2018 (entre as 10 e as 12 horas), débense cumprir os seguintes requirimentos: (1) asistir e participar na presentación, (2) entregar a rúbrica de avaliación cumprimentada e (3) ter entregado o "Proxecto final" (traballo tutelado B) en tempo e forma.</p>	10
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A4 A7 A9 A11 A12 B7 B9	<p>No marco das sesións maxistras poderanse desenvolver actividades e exercicios prácticos orientados á consolidación dos contidos teóricos.</p> <p>Estas prácticas teñen un valor global de 1 punto (variando en función do número de prácticas entregadas e a calidade das mesmas).</p> <p>Só se admitirán prácticas entregadas en tempo e forma. Práctica que non cumpra eses requirimentos quedará anulada cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Para sumar a avaliación destas actividades á nota final do curso o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da asignatura (grupo mediano).</p>	10



Research (Research project)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B5 B6 B8 B9 C2	<p>O traballo de análise-investigación, sobre un tema proposto pola profesora, será realizado de forma individual e entregado en formato audio (vía Moodle).</p> <p>Ten unha valoración máxima de 2 puntos.</p> <p>No caso de que se detecte que parte/totalidade do devandito traballo está copiado (até un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo) este quedará anulado cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos quedarán anulados cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Para a avaliación do proxecto de investigación o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da materia (grupo mediano).</p>	20
Workshop	A1 A2 A8 A9 A10 A12 C2	<p>As prácticas grupais teñen unha valoración total de 1,5 puntos (variando en función do número de prácticas entregadas e calidade das mesmas).</p> <p>Só se admitirán prácticas entregadas en tempo e forma. Práctica que non cumpra eses requerimentos quedará anulada cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Para a avaliación das prácticas de obradoiro o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da materia (grupo mediano).</p>	15
Supervised projects	A1 A2 A3 A7 A10 A12 B2 C1 C2 C3 C4	<p>De realización grupal e entrega en soporte CD (salvo outra indicación da profesora).</p> <p>Conta cunha valoración máxima de 4,5 puntos (1,5+3) distribuídos da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>· até 1,5 punto pola construción dun relato exclusivamente con sons (traballo A)</li><li>· até 3 puntos polo deseño sonoro e dobraxe dun fragmento audiovisual proposto pola profesora (traballo B ou "Proxecto final"). Parte desta nota (até 1 punto) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as.</li></ul> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos obterán una valoración de 0 puntos.</p> <p>Para a avaliación dos traballos tutelados o/a estudante ten que ter asistido ao 80% das horas prácticas da materia (grupo mediano).</p>	45

Assessment comments



Coa proposta de cada traballo e/ou actividade a profesora explicará polo miúdo o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega.

Para superar a materia na CONVOCATORIA DE XUÑO (sistema de avaliación continua) o/a estudante deberá:

- Asistir como mínimo ao 80% das horas prácticas da materia (permitírase un máximo de tres faltas xustificadas ou non xustificadas). Entenderase como asistencia a presencialidade durante o 80% do tempo programado para cada sesión, salvo circunstancias imponderables debidamente xustificadas. Dentro desta salvidade non se inclúe o feito de estar a cursar outra materia: na selección do grupo de prácticas o/a estudante debe ter en conta as posibles colisións con horarios doutras materias e cursos.

- Obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos e prácticas da materia. Neste cómputo non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante así como tampouco aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado.

Dado o obxecto da materia, todo traballo que careza de son nunha parte ou na súa totalidade será anulado e -por tanto- contará cun 0 na súa avaliación.

Para superar a materia na CONVOCATORIA DE XULLO o/a estudante deberá aprobar o exame na data oficial (cun mínimo de 5 puntos). Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro de Chion, M.(1993). "LA AUDIOVISION: INTRODUCCION A UN ANÁLISIS CONJUNTO DE LA IMAGEN Y EL SONIDO" Barcelona: Paidós Ibérica.

Este exame constituirá o 100% da nota final.

Asemade aqueles/as estudantes que na avaliación continua teñan superado número de faltas permitido, ou que na nota final de xuño queden por debaixo do umbral do 5 (o 50% da puntuación global), deberán presentarse e aprobar a proba teórica na convocatoria oficial de xullo. En calquera caso dito exame constituirá o 100% da nota final na convocatoria de xullo.

### Sources of information

<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Chion, Michel (1993). La audiovisión. Introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Barcelona: Paidós</li> <li>- Beltrán Moner, Rafael (2006). La ambientación musical selección, montaje y sonorización. Madrid: Instituto Oficial de Radio y Televisión</li> <li>- Chion, Michel (1985). La música en el cine. Barcelona: Paidós</li> <li>- Gustems, Josep (coord.) (2013). Música y sonido en los audiovisuales. Comunicación Activa: Universitat de Barcelona</li> <li>- Rodríguez Bravo, Ángel (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Barcelona: Paidós</li> <li>- Labrada, Jerónimo (2009). El sentido del sonido: la expresión sonora en el medio audiovisual. Barcelona: Alba</li> <li>- Baca, Jesús Ángel (2005). La comunicación sonora. Singularidad y caracterización de los procesos auditivos.. Madrid: Biblioteca Nueva</li> <li>- Weis, Elithabeth y Belton, John (1985). The Theory and Practice of Film Sound. Nueva York: Columbia University Press</li> </ul> <p>Ademais destas fontes de referencia a través de Moodle facilitaranse artigos e outro tipo de recursos que faciliten a comprensión da materia, traten en concreto algún exemplo ilustrativo ou permitan afondar nalgún tema de interese.</p>
<b>Complementary</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fraile Prieto, Teresa (2010). Música de cine en España: señas de identidad en la banda sonora contemporánea. Badajoz: Diputación</li> <li>- Guijarro, T. y Muela, C. (2003). La música, la voz, los efectos y el silencio en la publicidad : la creatividad en la producción de sonido. Madrid: CIE</li> <li>- Altmant, Rick (2004). Silent film sound. Nueva York: Columbia University Press</li> </ul>

### Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



Audio/616G01016

Theory and Practice of Editing/616G01023

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.